



Actividades de formación en linguas estranxeiras alumnado 2020

INFORMACIÓN SOBRE A PRESENTACIÓN POR SEDE ELECTRÓNICA (<https://sede.xunta.gal/portada>)

Non se considerará como presentada unha solicitude, a través da Sede Electrónica, co mero inicio do procedemento de presentación, sen que veña asinada dixitalmente.

1. Cubra o formulario a través da aplicación (<http://www.edu.xunta.es/axudasle>), gráveo coa opción “**presentación telemática en sede electrónica**”.
2. Entre no seu espazo persoal de <https://sede.xunta.gal> “A miña sede” empregando un certificado electrónico ou Chave365.

O **Anexo II**, que deberá descargar, cubrir, asinar e xuntar a súa solicitude, atoparao a través na [guía de procedementos e servizos](https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos) (<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>), consultando a información do trámite e revisando a documentación obrigatoria para presentar a solicitude que figura na pestana "Presentación" no apartado "Anexos asociados".

No apartado "Anexos asociados" ten dispoñibles modelos en formato .pdf daqueles documentos que se precisan. Descargue no seu equipo os modelos que deba presentar e cúbraos. Garde ou imprima a un arquivo electrónico de cada modelo cuberto para anexalo posteriormente na presentación.

3.- Anexe a documentación que teña que presentar xunto coa solicitude (Anexo II, copia do libro de familia, etc.).

4.- Asine a solicitude.

Pode facelo cun certificado electrónico empregando a aplicación Autofirma ou, se emprega Chave365, coa clave de sinatura que recibirá no seu móbil.

5.- *Descargue o xustificante da presentación.*

Poderá tamén acceder a este documento desde o apartado "Os meus expedientes" de "A miña sede".